

GUÍA DO TRABALLO FIN DE MÁSTER

Normativa aplicable: Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, e posteriores modificacións (artigo 15.3), e Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016.

Os aspectos de procedemento e xestión do TFM son os recollidos no Regulamento de Tráballo fin de Máster do Máster Universitario en Psicoloxía, aprobado pola comisión do título de 2/ 7/2020 e polo Consello de goberno da USC de

1. RESUMO DO PLAN FORMATIVO:

Nome: Tráballo Fin de Máster

Créditos (ECTS) e horas: 12 créditos (obrigatorios), 300 horas

Localización temporal no plan de estudos: (2º curso, 1º semestre)

Resultados da aprendizaxe:

- Ser capaz de buscar e seleccionar fontes documentais, deseñar unha investigación ou unha intervención no ámbito temático da especialidade e informar dos resultados, comunicando adecuadamente esta información.
- Ser quen de integrar e trasladar os coñecementos, técnicas e destrezas adquiridas á resolución de problemas concretos no eido da especialidade.
- Ser capaz de concibir, propoñer e desenvolver ideas orixinais de investigación dentro do ámbito da especialidade que contribúan ó desenvolvemento do coñecemento.
- Ser quen de comunicar as conclusións obtidas e as razóns que as sustentan á comunidade científica, tanto en formato escrito como oral.
- Ter capacidade para emitir xuízos mediante a análise crítica, a avaliación e a síntese de ideas orixinais e complexas.
- Ser capaz de resolver problemas en situacións e contextos complexos e multidisciplinares.
- Ter habilidade para comunicarse coa sociedade e trasladarlle o resultado dos avances no coñecemento do ámbito da especialidade dun modo claro e sen ambigüidades.
- Adquirir as habilidades de aprendizaxe necesarias no ámbito da especialidade para incorporarse aos estudos de doutoramento.
- Ter as habilidades necesarias para fomentar o avance tecnolóxico, social ou cultural dentro dunha sociedade baseada no coñecemento.

Competencias específicas:

- Adquirir coñecementos avanzados e desenvolver a capacidade de valoración crítica dos métodos e técnicas psicolóxicas propias dos ámbitos do máster para o afrontamento de problemas novos en contextos complexos.
- Saber identificar e seleccionar técnicas e instrumentos propios dos ámbitos de especialización do máster de acordo cos obxectivos propostos.
- Saber adaptar e utilizar as técnicas e instrumentos propios da Psicoloxía para afrontar situacións específicas da práctica profesional nos dominios de coñecemento do máster.
- Ser capaz de analizar e solventar situacións complexas, nos ámbitos específicos do máster, mediante o deseño, a programación e a implementación de estratexias para a solución de problemas.
- Ser capaz de avaliar a eficacia das estratexias aplicadas a partir de criterios éticos e de calidade

Contidos:

Calquera temática dentro das liñas de especialización do profesorado do máster, no marco de cada especialidade.

Bibliografía:

A bibliografía básica e complementaria será a recomendada polo profesorado para a realización de cada un dos traballos, atendendo ás temáticas dos mesmos

Características e Modalidades de TFM:

O TFM consistirá na elaboración dun traballo orixinal autónomo de cada estudante no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Máster. O TFM incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa do traballo.

Na **Especialidade en Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria** o TFM poderá axustarse a calquera das modalidades que se relacionan de seguido, e realizarase, preferentemente, nunha temática vinculada á actividade do dispositivo onde o/a alumno/a realice o Prácticum

- a) Revisión sistematizada de información relevante acerca dun tema da psicoloxía da intervención social e comunitaria; neste caso deberase aportar, ademais, unha proposta de carácter práctico en consonancia coa revisión realizada.
- b) Estudo empírico ou experimental, que inclúa tamén a aportación práctica que dos seus resultados se poida derivar.

- c) Análise de casos debidamente fundamentado, que inclúa avaliación, informe e proposta de actuación.
- d) Descrición razoada e detallada dun programa de intervención no eido da psicoloxía da intervención social e comunitaria.

Na **Especialidade en Psicoloxía Experimental** o TFM consistirá nun traballo empírico ou experimental, realizado en contexto de laboratorio, relacionado con calquera das liñas temáticas que se oferten na especialidade. O traballo deberá, polo tanto, estruturarse e redactarse seguindo o formato dun artigo científico ou informe experimental. O TFM na especialidade en psicoloxía experimental estará necesariamente vinculado ao Prácticum, que será necesariamente de investigación.

Para ambas especialidades, e en relación aos aspectos formais, o TFM terá unha extensión de entre 14.000 e 20.000 palabras, excluídos os anexos, se os houbera. Seguiranse as normas APA para as citas e as referencias bibliográficas. Recoméndase utilizar un tamaño de letra de 11 puntos con interlineado 1,5.

Titorización

O TFM desenvolverase baixo a supervisión dun titor ou titora académico/a, de acordo co especificado no regulamento do TFM. O/a titor/a asumirá as seguintes funcións: Orientar a programación das tarefas; asesorar e supervisar ao alumnado durante a realización do traballo; velar pola adquisición, por parte do alumnado, das competencias asociadas ao TFM; e avaliar o nivel de consecución destas competencias.

Avaliación

Á avaliación do TFM realizarase a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal. Nesta avaliación tamén se terá en conta o Informe de Avaliación de desenvolvemento do traballo e adquisición de competencias remitido ao tribunal polo/a titor/a.

Para a exposición do traballo o/a estudante terá un tempo máximo de 15 minutos. O tribunal (coas características e composición que se determinan no Regulamento) poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes en relación co traballo defendido durante un tempo aproximado de 15 minutos.

Na cualificación final dos traballos terás en conta conxuntamente o informe de Avaliación do/a titor/a e o Informe de Avaliación do tribunal. Cada un destes informes axustarase aos elementos recollidos nas rúbricas establecida para tal fin pola Comisión do Título

A rúbrica correspondente o/a titor/a valorará as competencias asociadas ao desenvolvemento do traballo (cumprimento dos obxectivos propostos, capacidade de xestión de información relevante, implicación, autonomía, etc.) así como o resultado da Memoria final do TFM (aspectos formais, de contido, estrutura e coherencia, adecuación da metodoloxía, capacidade crítica e de síntese, achegas, suxestións, etc.).

Polo que fai referencia ao Tribunal, os seus membros deliberarán de forma conxunta sobre a cualificación, seguindo un formulario no que se avaliarán as competencias correspondentes á Memoria final, de acordo cos mesmos criterios sinalados para o titor, ademáis, dos referidos á presentación e defensa do traballo (xestión do tempo, claridade e coherencia na exposición, adecuación das respostas, etc).

Na cualificación final ponderaranse as cualificacións de titor/a e tribunal, correspondendo o 50% da nota a cualificación outorgada polo/a titor/a, e o restante 50% á outorgada polo tribunal.

O/a estudante é responsable único da orixinalidade da autoría do seu traballo. A detección, polo/a titor/a ou polo tribunal, da existencia de plaxio, con independencia do proceso disciplinario do que poida ser obxecto o/a estudante, será causa suficiente para a non superación da materia.

Tempo de estudo e traballo persoal:

Relización de traballos: 294 horas

Exposición de traballos: 0.5 horas

Titorías individuais e/ou en grupos reducidos: 5.5 horas